



CONCELLO DE PONTECESURES (PONTEVEDRA)

ACTA DE VALORACION DOS ASPIRANTES OS 3 POSTO DE PEON DE OBRA PÚBLICA DO CONCELLO DE PONTECESURES

En Pontecesures, a vinte e seis de febreiro de 2016, reunido na Casa do Concello de Pontecesures o órgano de selección para 3 postos de peón de obra pública do Concello de Pontecesures, formado polo Administrativo do Concello D. Ricardo Campos Saborido que actuará de Presidente, polo Encargado de Obras do Concello, D. Xurxo Gerpe Jamardo, que actuará de vogal; e polo Técnico de Emprego D. José Rodríguez Fructuoso, que actuará de vogal e secretario.

Este tribunal acorda o seguinte:

Estableceuse primeiramente unha ficha de datos persoais que cada un/unha dos/das aspirantes ten que cumprimentar, así como posteriormente a elaboración dun baremo baseado na situación persoal dos candidatos/as.

Iniciado o acto procédese a realizar as correspondentes entrevistas entre todas aquelas persoas candidatas que, de conformidade coa oferta remitida pola oficina de emprego de Vilagarcía de Arousa, presentáronse: José Carlos Angueira Bentrón; Stella Maris Comparada Mosquera; Miguel Devesa Lamas; Francisco Domínguez Chazo; Miguel Freiría Pardal; Santiago González González; Natalia González Rey; Víctor Manuel Roo Leis; e Gonzalo Vázquez Veiga.

Non se presentaron José Manuel Cancela Oubel; Miguel Ángel Castro Mouco; e David Villa Piñeiro.

Seguidamente os/as nove aspirantes cubriron a ficha de datos persoais, para a continuación proceder á realización dunha entrevista persoal con cada un deles. Concluída a entrevista e realizado o baremo, a puntuación obtida polos/as aspirantes foi a seguinte:

Miguel Freiría Pardal.....	8.00 puntos.
Gonzalo Vázquez Veiga.....	7.25 "

O tribunal decidiu que os outros 7 aspirantes non reúnen as condicións para desempeñar o posto de traballo, polo que os 2 aspirantes anteriormente citados resultan propostos para ocupar os postos de peóns de obras públicas; solicitando á oficina de emprego de Vilagarcía de Arousa o envío de novos aspirantes para completar praza de peóns de obra pública nos vindeiros días.

De todo o cal esténdese a presente acta que en mostra da súa conformidade asinan os membros do tribunal.

Asdo.-Ricardo Campos Saborido.

Asdo.- Xurxo Gerpe Jamardo.

Asdo.-José Rodríguez Fructuoso.